



Fundamentos da Educación Ambiental

A educación ambiental no ensino secundario debe proporcionar recursos para mellorar o coñecemento do medio no que vivimos e dos factores que inflúen na súa evolución, para así poder intervir nel e contribuír ao seu desenvolvemento harmónico desde posicións fundamentadas. O coñecemento que hoxe se ten permite detectar, analizar e dar resposta non só a problemas que afectan a parcelas deste medio, senón tamén a aqueles que inciden na vida do planeta Terra na súa totalidade e, en particular, á humanidade que o habita. A diminución da capa de ozono, a desertización, a chuvia ácida, a redución da diversidade, etc. son problemas que producen cambios que lle afectan ao medio, á vida e ao conxunto da humanidade, e que teñen como característica fundamental a dependencia entre uns e outros.

Ante a existencia de graves problemas de repercusión mundial, as Organizacións Internacionais foron progresivamente tomándoos en consideración e viron a necesidade de abordalos a nivel global, introducindo cambios nos sistemas educativos para responder ás novas esixencias medioambientais.

As Ciencias Medioambientais buscan proporcionar fundamentos válidos para que os alumnos e as alumnas poidan alcanzar, non só unha formación en aspectos ambientais que impregne a súa actuación como cidadáns e como futuros profesionais científicos ou técnicos, senón tamén «o sentido dos valores, a actitude, o interese activo e a competencia precisos para protexer e mellorar o medio». Esta competencia implica comprender a problemática situación actual, a necesidade de actuar e a de facelo efectivamente, utilizando as canles adecuadas.

Os contidos que se tratan adoitan organizarse en torno a dous grandes eixes, que xa se sinalan no título: o estudo dos sistemas terrestres e das súas interaccións, e as modificacións que o home introduce neles e que dan lugar ao medio ambiente. En conxunto, os contidos pretenden aportar un coñecemento básico acerca do funcionamento dos devanditos sistemas, presentar o problema do seu crecente deterioro a resultas dunha inadecuada actuación humana e esbozar os instrumentos da xestión ambiental, para facilitar a comprensión dun modelo —modelo de desenvolvemento sostible— que paralice o proceso de destrución da biosfera. Consecuentemente, a forma de abordar a construción dun sistema conceptual que facilite, en certa medida, a comprensión de tódolos sistemas terrestres que compoñen a biosfera, dos que resultan da actuación humana sobre ela (Tecnosfera) e da regulamentación e administración desa actuación (Sociesfera). Convén facer especial fincapé no desenvolvemento de actitudes de responsabilidade e no coñecemento dos procedementos, así como das canles que fagan posible unha participación comunitaria encamiñada a solucionar problemas medioambientais.

Obxectivos xerais

A ensinanza das Ciencias Medioambientais contribuirán a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades seguintes:

- Comprender o funcionamento dos sistemas terrestres e as interaccións existentes entre eles, e explicar as repercusións mundiais dalgúns feitos aparentemente locais.
- Analizar as causas que dan lugar a riscos naturais e coñecer algunhas das medidas utilizadas para a súa predicción ou corrección.
- Recoñecer a existencia de límites para a explotación dalgúns recursos, valorando a necesidade de adaptar o seu uso ás posibilidades de renovación.
- Avaliar a rendibilidade global da explotación dos recursos naturais, as súas posibles utilidades e os impactos provocados.
- Investigar algúns problemas ambientais, especialmente de Galicia, utilizando unha metodoloxía científica mediante técnicas e recursos físico-químicos, xeobiolóxicos, sociolóxicos e históricos, recollendo datos de diversas fontes, analizándoos e elaborando conclusións, propoñendo alternativas e confeccionando un informe final.
- Entender a natureza como un sistema e tomar conciencia dos seus límites e da necesidade de coñecer e de respectar as leis, que rexen o seu funcionamento, como un requisito básico para a supervivencia da humanidade.
- Manifestar actitudes de protección do medio ambiente escolar, familiar e local, criticando razoadamente medidas inadecuadas, e participar activa e reflexivamente en accións orientadas cara á súa protección.
- Comprender a importancia dos sistemas sociais e a repercusión dos modelos de desenvolvemento económico na problemática medioambiental.

Actitudes, valores e normas.

Trátase de desenvolver as seguintes:

- Concienciación da situación de crise ambiental na que nos atopamos, e de que as vías de solución non recaen nun determinado colectivo como os científicos, os economistas, o mercado e os políticos.
- Actitude crítica ante o gran volume de información ambiental que se achega, tanto con respecto á infalibilidade de especialistas científicos, como a visións catastrofistas ou a políticas irrenunciáveis.
- Valoración dos aspectos éticos da problemática ambiental como motor de aproximación a actitudes de participación cidadá activa tendentes á solidariedade intra e interxeneracional.
- Valoración de aspectos estéticos ligados a posturas conservacionistas de ecosistemas e paisaxes.
- Desenvolvemento de hábitos de consumo compatibles coa reutilización e reciclaxe.
- Desenvolvemento de hábitos de aforro e uso racional da auga a nivel persoal, familiar, escolar e comunitario.
- Interese pola implantación de hábitos de consumo de recursos biolóxicos (madeira, pesca, etc.) resultantes de técnicas de explotación sostibles, e de alimentos obtidos mediante prácticas agrícolas conservativas.
- Adopción de hábitos de comportamento compatibles coa mellora da calidade de vida.